

Edificio Xerencia
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel: 986 812 000 xerencia.uvigo.es
Fax: 986 812 066 xerencia.uvigo.es
Registro Xeral

Saida Nº: 201300001201
22/01/2013 09:34:05

NORMAS PARA A APLICACIÓN DA INSTRUCCIÓN XERENCIAL DE 30 DE OUTUBRO DE 2012: SEGUIMENTO DE AUSENCIAS DO TRABALLO E TRAMITACIÓN DE PARTES MÉDICOS.

Coa finalidade de precisar e asegurar o seguimento das ausencias ao posto de traballo de duración inferior a tres días por causas de saúde que non impliquen unha situación de incapacidade temporal así como no que atinxe á tramitación dos partes médicos de baixa, confirmación da baixa e alta médica, en desenvolvemento da Instrución Xerencial do pasado 30 de outubro de 2012, ditada en aplicación do previsto no artigo 9 do Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, establécense os seguintes criterios/normas de actuación:

1. Ausencias por razóns de saúde, de un a tres días, que non dean lugar a parte médico de baixa de incapacidade temporal (I.T.).

- a) A ausencia deberá comunicarse, para cada día en que aconteza, durante a primeira hora da quenda de traballo de ser esta a de mañá e antes das 12:00 horas de ter a persoa afectada quenda de tarde, agás razóns xustificadas.
- b) A ausencia superior a un día xustificárase mediante un informe do persoal médico facultativo do Servizo Público de Saúde ou asimilado, no exercicio das súas competencias, no que se salvagardará o dereito á privacidade da persoa afectada e que deberá entregarse á persoa responsable da unidade o día da reincorporación.
- c) No caso de falta de xustificación suficiente ou de reiteración das ausencias, a persoa que ocupe a xefatura da unidade deberá comunicalo de xeito inmediato á Xerencia.
- d) A falta de xustificación das ausencias e a xustificación insuficiente ou extemporánea conlevará a dedución proporcional de haberes, sen prexuízo das medidas disciplinarias que resulten procedentes.

2. Será obrigatoria a presentación do parte médico de baixa por I.T cando as ausencias teñan unha duración superior a tres días.

- a) O prazo máximo para presentar os partes de baixa e de confirmación será de tres días, sendo de 24 horas para o parte de alta.
- b) Segundo corresponda, os partes se entregarán a:

- Persoal docente e investigador (PDI) e persoal con contratos de carácter temporal financiados con cargo a proxectos, contratos ou convenios: secretaría dos departamentos respectivos.
 - Persoal de administración e servizos: persoa que exerza a xefatura da unidade, centro ou ámbito respectivo, ou a inferior xerárquica respectiva en ausencia daquela.
3. De xeito inmediato, as persoas que os reciban os partes médicos remitirán o orixinal ao Servizo de Retribucións e Seguros Sociais e se a alta implicase o cesamento dalgunha persoa contratada, tamén ao Servizo de PAS (consultapas@uvigo.es) ou de PDI (consultapdi@uvigo.es) segundo proceda.
 4. Se segundo o previsto na Instrución Xerencial de 30 de outubro de 2012, a persoa interesada estimara a súa I.T. como “situación de carácter excepcional” deberá entregar xunto co parte médico de baixa unha solicitude acompañada (en sobre pechado) dun informe do facultativo do sistema nacional de saúde de atoparse nunha situación que dea dereito a percibir un complemento de ata o 100% das retribucións. Para facelo efectivo, o Servizo de Retribucións e Seguros Sociais recabará a autorización da Xerencia.
 5. En aplicación da disposición trixésimo oitava da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013 a partir do quinto día de ausencia xustificada por causa de enfermidade ou accidente no período dun ano natural, e que non dea lugar a situación de I.T., aplicarase unha dedución do 50% nas retribucións íntegras. Tal dedución non se aplicará cando estas ausencias sexan seguidas dunha situación de I.T. que dea lugar a un complemento de ata o 100%. Os responsables das unidades deberán informar inmediatamente á Xerencia da Universidade de Vigo daquelas ausencias que excedan de catro días no ano natural, debendo levar os oportunos rexistros que permitan verificar a información.

Estes criterios substitúen e deixan sen efecto á Circular sobre tramitación de partes médicos de baixa, confirmación de baixa e alta, do 13 de marzo de 2000.

Vigo, 22 de xaneiro de 2013



O XERENTE,

Manuel Fernández Jauregui